

NOTA INFORMATIVA **AXENDA MUNICIPAL**

Xoves 28

10.00 h.

No espazo de arte A Chocolataría, o presidente do Consorcio e alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, inaugurará as xornadas “Mutacións urbanas”.

11.30 h.

No Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** da concelleira de Educación, Elvira Cienfuegos, e de Agustín Alcalde, da Sociedade Galega de Historia Natural, para presentar os actos de celebración do Día das Aves.

11.45 h.

No Salón Verde da Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do portavoz do BNG en Compostela, Néstor Rego, para valorar as inversións dos Orzamentos Xerais do Estado en Santiago.

12.00 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** da concelleira de Benestar Social e Muller, Adelaida Negreira, para presentar os actos de celebración do 75 aniversario da consecución do sufraxio feminino.

12.30 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Promoción Económica, Xosé Manuel Iglesias, para valorar os resultados da rolda empresarial Galicia-Latinoamérica.

18.30 h.

Pleno ordinario

Na Casa do Concello, sesión ordinaria do Pleno da Corporación coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores.
2. Aprobación inicial da ordenanza xeral reguladora das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rehabilitación integral.
3. Aprobación definitiva da modificación puntual do Plan parcial solo urbanizable programado núm. 1 (SUP-1). Romero Donallo.
4. Aprobación inicial da ordenanza de residuos e limpeza viaria.
5. Resolución de alegacións e aprobación definitiva do Regulamento de comercio ambulante.
6. Anulación do expediente de modificación orzamentaria 2006-SUPLE-14.
7. Ratificación de acordo da Xunta de Goberno Local, relativo á determinación de festas locais para o ano 2007.
8. Dar conta de acordo da Xunta de Goberno Local, relativo a subsanación de diversos requisitos na presentación de candidatura do concello nos premios Raiña Sofía 2006 de accesibilidade universal.
9. Dar conta de Resolución da Alcaldía.
10. Dar conta das resolucións da xunta de goberno local.
11. Toma en consideración das mocións presentadas polos grupos municipais.
12. Rogos e preguntas.

20.00 h.

No Pazo de Fonseca, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asistirá á inauguración da exposición "Ler imaxes. O arquivo fotográfico de Julio Cortázar".

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2006